

Doadá recepção

Un canto ao medio natural

MARÍA NAVARRO

“Ler é vivir” é a colección na que Everest Galicia publica *Entre papoulas*, un texto de María Canosa que ilustra Marta Rivera Ferner e que escolle o reino vexetal para espallar a súa particular visión do mundo, axudado, iso si, por animais que teñen a capacidade de desprazarse, elevándose ás alturas e descendendo en acrobáticos movementos. Logo outros elementos da natureza colaboran cos seus acompasados xestos a que se espallen pingueiras de orballo ou que circule unha lixeira brisa que espaxe sementes que perpetúan a especie. Non hai presenza humana e todo semella guairse polas coordenadas da harmonía, a convivencia é pacífica e a concordia convértese na relación habitual entre iguais. Mesmo non hai dúbidas á hora de actuar buscando o ben-

tar dos membros da comunidade.

A papoula, que fala, pasa o día tomando

o sol, pola noite agradece o fresco, porque así os seus pétalos moles da tardiña locen fermosos pola mañá. Nin que dicir ten que as papoulas son plantas presumidas que disfrutan coa brisa do vento, que se senten orgullosas de axudarlles ás abellas a facer mel e que se alegran coa felicidade allea coma o casamento do martín peixeiro na póla dunha pereira.

O texto, escrito na súa totalida-

de con caracteres maiúsculos, resulta de doada recepción para os primeiros lectores e en cada páxina as estruturas en forma de frase, oración simple ou sinxelas compostas paracen sentenciar e encher de contido unha historia que pretende ser un canto ao medio natural e que enxalza valores coma a solidariedade e a harmonía, indispensables na procura da felicidade, estado ao que semellan tender a totalidade dos seres vivos.

Dende esta perspectiva, o libro convértese nun bo material didáctico-pedagóxico do que botar man se queremos amosarlles aos cativos as excelencias dun comportamento axeitado, a idoneidade de vivir en harmonía, o beneficio so que é ser sensibles ou as vantaxes de disfrutar das cousas pequenas para descubrir o segredo da verdadeira felicidade. Todo un acerto!

CANOSA, María/RIVERA FERNER, Marta, *Entre papoulas*, Ed. Everest Galicia, A Coruña, 2009, PVP6,75 €

